

DOMINGO XI ORDINARIO (A)

PRIMEIRA LECTURA (Ex 19, 2-6a)

Lectura do libro do Éxodo

Naqueles días, en chegando os fillos de Israel ó deserto do Sinaí, acamparon alí, ó pé do monte. Moisés subiu ó encontro de Deus, e o Señor chamouno desde a montaña, para mandarlle dicir ós descendentes de Xacob, comunicarlles ós israelitas:

- "Vistes como tratei ós exipcios, como vos levantei a vós sobre ás de aguia e vos acheguei a min.

Se agora me obedecedes e gardáde-la miña alianza, seréde-la miña propiedade escolleita entre tódolos pobos, pois a terra é toda miña.

Vós sereis para min un reino de sacerdotes, un pobo consagrado".

SALMO RESPONSORIAL (Sal 99, 2. 3. 5)

R/. (3c): **Sómo-lo seu pobo, as ovellas do seu rabaño.**

Aclama ó Señor terra enteira,
serve o Señor con alegría,
entrade á súa presenza con gritos de xúbilo.

Sabede que o Señor é Deus,
que El nos fixo e que somos del,
que sómo-lo seu pobo,
as ovellas do seu rabaño.

Porque o Señor é agarimoso,
a súa misericordia dura por sempre,
a súa fidelidade, de xeración en xeración.

SEGUNDA LECTURA (Rm 5, 6-11)

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós romanos

Irmáns:

De certo, xusto cando nós estabamos aínda sen forzas, no tempo preciso, Cristo morreu polos impíos. Non é doado que alguén morra por un home xusto (aunque por un home bo, aínda alguén estea disposto a morrer); pero Deus demostróuno-lo seu amor no feito de que, sendo aínda nós pecadores, Cristo morreu por nós.

Con máis razón logo, xustificados agora polo seu sangue, seremos por El salvados da ira. Porque, se cando eramos aínda inimigos, fomos reconciliados con Deus mediante a morte do seu Fillo, canto máis agora, xa reconciliados, seremos salvados pola súa vida.

Aínda máis: mesmo nos sentimos ledos en Deus por medio do noso Señor Xesús Cristo, por quen agora recibímo-la reconciliación.

EVANXEO (Mt 9, 36 - 10, 8)

Lectura do Santo Evanxeo segundo Máteo

Naquel tempo, vendo Xesús a multitude, sentiu unha fonda compaixón por ela, porque estaban todos derreados e esmorecidos coma ovellas sen pastor. Entón díxolles ós discípulos:

- A seara é grande, pero os traballadores son poucos; así que rogádelle ó dono da seara que mande traballadores á súa seara.

E coa mesma, chamou os seus doce discípulos, e deulles poder para botaren fóra os espíritos malos e curaren toda enfermidade e toda doenza.

Estes son os nomes dos doce apóstolos: O primeiro, Simón, chamado Pedro, e mais Andrés, seu irmán; Santiago, o de Zebedeo, e mais Xoán, seu irmán; Filipe e Bartolomeu; Tomé e Mateo, o publicano; Santiago, o de Alfeo, e mais Tadeo; Simón, o Zelota, e Xudas Iscariote, o mesmo que o entregou.

Xesús enviou a estes doce con estas instrucións:

- Non vaiades a terra de pagáns nin entredes en vilas de samaritanos; ide máis ben ás ovellas perdidas da casa de Israel. E mentres camiñades, proclamade que xa chega o Reino dos Ceos.

Curade enfermos, resucitade mortos, limpade leprosos, expulsade os demos. E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén.